

ANALISE DOS ELEMENTOS NARRATIVOS DE *COUSAS*

CAMINO NOIA CAMPOS
Universidade de Santiago

Partindo da definición que os tratados de semioloxía literaria nos dan do termo *texto*: "Unha secuencia de signos que produce sentido" (1), e tendo en conta que non é a suma de signos ó que lle aporta o sentido senón o funcionamento textual, clasificaremos a obra *Cousas* de Castelao (2) como un conxunto textual de difícil adscripción a algún dos xéneros literarios coñecidos.

Os textos desta obra van acompañados dunha apoiatura gráfica, que non fai de complemento do discurso verbal, como sucede na outra obra de Castelao *Cousas da vida*. A parte gráfica de *Cousas* redúcese a unha estampa humana ou paisaxística que, nalgún caso, salienta o significado do texto.

O libro contén historias que son facilmente asignables a xéneros codificados, que se poden caracterizar como realistas ou costumistas, xunto a relatos nos que aparecen fórmulas dos contos populares da narrativa oral. Pero, no mesmo libro, hai outros textos dificilmente sometibles ás normas que caracterizan o relato literario; descrições enunciadas cunha clara función poética, nas que a emotividade é o factor determinante, textos que son simples reflexións filosóficas sobre certos aspectos da paisaxe ou da conducta humana.

Ante esta variedade textual parece evidente que non se pode establecer un modelo teórico único, que caracterice o conxunto dos textos. Haberá que partir da análise de cada un deles para ve-lo que teñen en común e aquilo que os diferencia segundo a estrutura dos elementos narrativos: sintácticos e semánticos.

Os textos de *Cousas* están amplamente estudados pola súa función referencial desde unha perspectiva sociopolítica (3) pero en cambio, a súa función literaria foi pouco analizada.

(1) J. Lozano, C. Peña-Marín, G. Abril: *Análisis del discurso*, Ed. Cátedra, Madrid, 1982.

(2) A. Rodríguez Castelao: *Cousas. Primeiro libro*, Ed. Lar, A Coruña, 1926; *Cousas. Segundo libro*, Nós, A Coruña, 1929; *Cousas* (libro primeiro e segundo), Nós, Sant Iago, 1934; *Cousas* (1º e 2º libro), Galaxia, Vigo, 1962.

(3) (Entre outros) Carballo Calero, R., "O que son as *Cousas*", en *Lembranza de Castelao*, Museo de Pontevedra, 1976, pp. 13-24. Carballo Calero, R., *Historia da literatura galega*, Galaxia, Vigo. García Negro, P., "A narrativa de Castelao", *Castelao contra a manipulación*, Xistral, Monforte, 1984, pp. 60-83. Martínez Risco, C., "Constantes sociolóxicas da obra de Castelao", *Conferencias encol de Castelao*, Edicións Galicia, Buenos Aires, 1977, pp. 9-25. Miramontes Nieto, I., "Notas sobre a muller nas *Cousas* de Castelao", *Grial*, Vigo, T. 9, nº 32, abril-xuño 1971, pp. 222-6. Paz Andrade, V., "A fonte

En primeiro lugar, teremos, que indicar por que estes textos son literarios.

Jakobson definiu a función poética ou literaria en íntima relación coa utilización da lingua; para el esta función consiste en crear equivalencias paradigmáticas para proxeccións no eixe sintagmático, en secuencias máis ou menos sorprendentes (4). Un texto será literario se reúne certas características, que o separan da fala coloquial e unha das principais é a selección dos elementos da lingua a fin de producir unha certa harmonía estilística sen perder a claridade expresiva. Sóse definiu a obra literaria como unha peza pechada, con estruturas paralelas, que fagan do texto unha unidade na que todo se relaciona e todo responde a un fin. Pero non tódolos lingüistas e teóricos da literatura están de acordo con esta descrición da obra literaria porque á forma pechada opóñense formas abertas, ambiguas, con inestabilidade sintáctica e semántica na que cada palabra pode manter relacións sintácticas múltiples con outras palabras, e pode haber diversas estruturas subxacentes que leven ó lector a diferentes interpretacións. En realidade, non existe unha definición precisa, concreta e recoñecida por todos, da función literaria. Para definir unha obra como literaria é posible recurrir a diversas análises pero, fundamentalmente, será o lector quen mida a literariedade das obras segundo o grao de emoción estética que estas lle produzan.

De aplicarmos esta última definición de literariedade, *Cousas* pode ser clasificada como unha peza literaria, tal como se ven facendo. Pero, ó estudíarlas virtualidades dos textos, iremos observando como existen ademais outros elementos que os configuran como literarios.

Na análise literaria dos textos de *Cousas* empregaremos os modelos estruturalistas propostos por Barthes, Bremond, Todorov e Genette (5), sen deixarmos de recurrir a elementos da crítica tradicional, sempre que nos sirvan de axuda para entender mellor o texto.

O estruturalismo establece unha diferenza precisa entre os termos *texto*, *relato* e *discurso*. Non tódolos textos son relatos e non tódolos relatos son discursos. O texto, tal como o temos definido, son secuencias de signos que adquiren sentido dentro da funcionalidade do propio texto, en tanto que o relato se define como "un discurso que integra unha sucesión de acontecementos de interés humano na unidade dunha mesma acción" (6). Se non hai sucesión non hai relato, senón calquera outro tipo de texto: descrición, dedución ou efusión lírica. Genette (7) insiste en que para que haxa relato se necesita a existencia dunha unidade de acción e un acontecemento real ou ficticio que sexa narrado por medio da linguaxe. Relato e discurso aparecen, ás veces, utilizados como termos sinóni-

autobiográfica na narrativa de Castelao", *Grial*, Vigo, T. 19, nº 71, xaneiro-marzo 1981, pp. 1-9. Sánchez-Marín, S., "Castelao y sus *Cousas*", *El Ideal Gallego*, Coruña, 5 de Xaneiro de 1974.

(4) R. Jakobson, *Essais de linguistique générale*, Editions de Minuit, Paris, 1963, p. 220.

(5) Cl. Bremond, R. Barthes, T. Todorov, J. Genette e outros, *Análisis estructural del relato*, Ed. Tiempo Contemporáneo, Buenos Aires, 1970.

(6) Bremond, "La lógica de los posibles narrativos", *op. cit.*, p. 90.

(7) Genette, "Fronteras del relato", *op. cit.*, p. 193.

mos. Todorov, por exemplo, afirma (8) que a obra literaria ofrece dous aspectos porque é ó mesmo tempo historia e discurso. É historia porque evoca unha certa realidade: acontecementos e personaxes, que se confunden coa vida real; é discurso porque existe un narrador, que relata a historia, e un lector, que a recibe. É Emile Benveniste quen establece unha diferenza entre estes dous termos (9); para este lingüista o relato equivale a unha obra contada por unha terceira persoa, que non participa na narración, e que utiliza as formas verbais do perfecto e do pluscuamperfecto, mentres que o discurso é un texto narrado en primeira persoa, no que, ás veces, hai referencias a un "ti", e onde se utilizan os tempos do presente e do futuro, ademais dos indicadores pronominais "aquí", "agora", "hoxe". A oposición está fundamentalmente en que o relato ten autonomía, ninguén dirixe a historia, en cambio o discurso depende dun narrador, que é o que manipula a narración.

Seguindo esta última clasificación, nos corenta e cinco textos de *Cousas* soamente encontramos once, que conteñen as características do relato. Son as únicas historias nas que non se manifesta a presenza do narrador. *Cousas* son na súa maioría narracións e descrições emitidas por un narrador en primeira persoa, que dalgunha forma intervén na historia, e que aparece como único responsable dos textos descritivos de paisaxes e dos retratos humanos.

Uns e os outros, os textos de *Cousas*, queren comunicar unha mensaxe literaturizada a un receptor, que está no mesmo contexto social e pode interpreta-las connotacións que contén. Fondo e forma están intimamente unidos e convén estudialos no seu conxunto, pero o que máis nos interesa é o modo da narración, a forma en que o lector vai tendo coñecemento dos acontecementos que suceden no discurso literario.

Características xerais dos textos

A pesar das diferenzas que establecimos entre o modo da narración dos textos, que nos permiten agrupalos en relatos e discursos, no conxunto da obra *Cousas* destácanse dous elementos comúns:

1. *A irrelevancia dos personaxes na narración* como seres individuais. O que interesa deles son os atributos que os configuran no desenvolvemento das secuencias narrativas pero que non nos ofrecen unha caracterización sociolóxica completa. Nalgúns textos os personaxes teñen como referentes a tipos humanos, suxeitos de situacións ou vidas extrapolables a calquera outra persoa dunha comunidade semellante. Na maior parte dos textos o personaxe fai de suxeito dos predicados e, ó mesmo tempo, de obxecto ou de motivo da acción. Bieito, Panchito, Doña Carmen senten morriña da súa terra en situacións diferentes. O cega da

(8) Todorov, "Las categorías del relato literario", *op. cit.*, p. 157.

(9) E. Benveniste, "Les relations des temps dans le verbe français", *Problèmes de linguistique générale*, Ed. Gallimard, Paris, 1966, pp. 237-250.

fiestra e o vello Saramaguíño buscan vivir ben desde a súa miseria; os dous vellos, que sempre se amaron serven de contrapunto á vella que non para de gabar na súa filla. Son esas actitudes diante da vida o que lles confire valor de personaxes. O meniño que era de manteiga levou unha existencia semellante á de moitos nenos mimados. Migueliño e mailo pai serven de pibotes da acción, non sabemos deles máis có que nos indican ós índices que nos ofrece o texto.

Colleremos dous exemplos: Bieito (p. 47) é o axente do enterramento do ichavo, da vida que levou na Arxentina, do retorno á terra; pero realmente é o ichavo o verdadeiro protagonista, e Bieito non é máis có obxecto. A función narrativa é o enterramento do ichavo, as secuencias da situación social, de morriña e a viaxe son os motivos variables que serven de unión ó motivo constante: recupera-lo contacto coa terra, simbolizado na moeda.

A condesiña, que xaz no sartego (p. 83) din que morreu de amor, pero é a acción dos "intelectuais" o motivo do relato. O médico que analiza o sartego fai de axente dismítificador da lenda da condesiña.

Hai unha serie de textos que comezan as secuencias narrativas polo nome dos suxeitos dos predicados. Estes textos ofrécennos unha descrición máis ampla do personaxe porque son retratos humanos, pero non chegan a dar unha imaxe acabada da súa identidade. Castelao interésase polas actitudes e comportamentos máis ca polos rasgos psicolóxicos. Poucos personaxes teñen nome propio (Romualdo, O señor Antón, Doña Florinda), algúns están nomeados polo alcume (O Rifante, O fillo de Rosendo) e a maioría polos atributos sociais e pola idade (o Alquilador, o Barbeiro, o Bruxo; o rapaz, os vellos, a vella).

A identificación dos personaxes en Castelao responde fundamentalmente a catro rasgos: a fortuna, a idade, as características físicas e os rasgos de carácter. Para Castelao ten moita importancia a fortuna, que divide os personaxes en pobres e ricos. Como xa se ten dito en moitas ocasións, Castelao toma partido polos pobres. Os ricos case sempre saen ridiculizados nos textos castelanianos. As tres etapas da vida humana: infancia, xuventude e vellez están moi marcadas en *Cousas*, onde abundan os vellos, polo xeral, identificados coa miseria (dato que nos ofrece o mesmo Castelao) (10) aínda que tamén aparecen os vellos ricos como Doña Florinda. As particularidades físicas adquiren unha relevancia considerable nesta obra: os cegos, os feos, os coxos, as fermosas responden a un tipo de comportamento social. E finalmente, son moi abundantes nos textos de *Cousas* os rasgos de carácter: muller de ben, engaioleira, faladora, Castelao utiliza; asisada e bonita; traballador, borracho, malasisado...

A característica de moitos dos textos etopéicos, que describen hábitos e costumes, e repete anafóricamente o nome do personaxe ou o apelativo sen utiliza-los presentadores pronominais:

(10) "A primeira mostra de pobreza que fitaron os meus ollos foi a Siña Fanchuca e dende aquela viven tan aparelladas na miña memoria a vellez e a miseria que aínda hoxe tódolos vellos enrugados parécenme probes de pedir polas portas", p. 82.

"O Rifante era un mariñeiro que ganaba pesos a moreas" / "O Rifante era farturento de seu" / "O Rifante tiña fe na súa fada" / "O Rifante dixo simplemente" / "O Rifante apareceu un día diante do meu pai", pp. 16-17.

"Era un barbeiro de sábado" / "O tal barbeiro de sábado" / "O pobre barbeiro de sábado asombraba a todos" / "O barbeiro de sábado dubidaba despois de profundar" / "O pobre barbeiro de sábado morreu", pp. 43-44.

"O fillo de Rosendo andaba aboiado" / "O fillo de Rosendo xungueuse a unha muller" / "O fillo de Rosendo foi ó casorio" ..., p. 77.

"Don Froitoso non vai polos camiños" / "Don Froitoso é un home dos que retrasan o reló" / "Don Froitoso fitoume feramente" ..., pp. 79-80.

E así o "Señor Antón", "Romualdo", "Doña Florinda" e "Doña Micaela". Con este procedemento Castelao quere salienta-la acción do predicado que contribúe a marca-los rasgos de carácter ou de actitude vital que lle interesa destacar.

2. *Importancia dos elementos obxectuais*. Esta é a segunda característica común ó conxunto dos textos de *Cousas*: A reiteración en inicia-las secuencias narrativas partindo dunha referencia espacio-obxectual. O sintagma inicial designa o lugar ou o obxecto que vai se-lo escenario ou o suxeito das accións: pontes, ventás, casas, pedras, mar son elementos recurrentes nos textos.

Para o autor, que no momento da narración está recordando, os obxectos serven de desencadeantes das lembranzas pasadas. "Onde hai un cruceiro" (p. 15), "Camiño esquecido" (p. 19), "Na noite" (p. 21), "A ponte vella" (p. 23), "Na cova dos carcamás" (p. 31), "Aínda está no areal" (p. 45), "Esa fiestra non é un ollo" (p. 57), "Nunha cirexa da montaña" (p. 75), "Esa morea de pedras e tellas" (p. 81), "Dende a fiestra da torre" (p. 83), "Unha rua dun porto lonxano" (p. 89), "No mar" (p. 93) son sintagmas que dan comezo a cadansúa historia de amor, medo, tristeza, miseria, engaño, misterio...

Características dos relatos

Como xa indicamos, hai en *Cousas* once textos, que seguindo a clasificación de Benveniste, posúen as características do relato: "A Marquesiña" (p. 13), "Cando Bieito quedou orfo" (p. 47), "Foi por seguilos mandados..." (p. 53), "Chegou das Américas..." (p. 55), "O vello Saramaguiño" (p. 65), "O fillo de Rosendo" (p. 77), "Unha rua nun porto lonxano" (p. 89), "No mar había un afogado" (p. 93), "O pai de Migueleño" (p. 95), "Romualdo era un home fino" (p. 97) e "Era un niño de manteiga" (p. 99).

Estes relatos de *Cousas* conteñen tres características fundamentais, que os distinguen dos textos discursivos:

1.- Non hai intervención do narrador en ningún momento da narración. Son textos emitidos por un observador que se coloca fóra do espazo e do tempo dos acontecementos. Non é un narrador que sabe todo sobre os seus personaxes e que nos explica o porqué dos comportamentos; o emisor destes relatos fai de "vox populi" que vai contando casos e sucesos da súa comunidade.

2.- Utilización dun tempo narrativo en pasado mediante tempos verbais pretéritos. O máis usado é o perfecto, o imperfecto emprégase en textos que indican secuencias durativas para aportar características sobre o carácter ou sobre a vida dpperonaxe, e que serven de contraste co desenlace final, narrado en perfecto:

"O pai de Migueliño chegaba das Américas" / "Os americanos xa estaban desembarcando" / "Migueliño e a súa nai agardaban no peirán" / ... / "Ai, o americano pasou de largo" ..., p. 95.

"Romualdo era un home fino" / "A Romualdo non lle acaía un oficio de traballo" / "Romualdo emborrachábase moitas veces" / "Romualdo pasou toda a noite de parranda" / "Romualdo entrou deseGUIDA na súa casa" ..., p. 97.

O perfecto alterna tamén co pluscuamperfecto e co presente, en textos que nos ofrecen o pasado desde o presente:

"Cando Bieito quedou orfo" e "Agora Bieito ten un ichaviño pendurado na súa leontina" (pp. 47-48), "O fillo de Rosendo andaba aboiado" e "Agora o fillo de Rosendo anda sempre aparelado coa súa muller, que é o seu drama" (p. 77).

O presente emprégase cun valor intemporal para ofrecernos un acontecemento ou unha escena duradeira ó longo de varias secuencias:

"Chámanlle a Marquesiña /.../, vai á fonte, depelica patacas, /.../ a súa nai traballa na casa do Marqués" (p. 13).

"A condeseiña ten os seus ollos chorosos" /.../ "A condeseiña vai morrendo pouquiño a pouco na fiestra da torre" (p. 83).

"As tabernas están acuguladas de mariñeiros e botan polas súas portas o bafo..." (p. 89).

3.- Os relatos son textos formados, fundamentalmente por unidades semánticas, estruturadas en relacións paradigmáticas, empregando a terminoloxía barthiana. Non son as secuencias de sintagmas as que nos van amosando o desenvolvemento da historia, senón os indicios (unidades semánticas) ós que nos remiten os posibles significados da narración, establecendo unha rede paradigmática entre os semantemas do texto e as múltiples referencias que poden provocar.

As relacións paradigmáticas elabóranse partindo de estruturas sintácticas simples, que funcionan de indicios indicadores dos significados, e que están fóra dos sintagmas explícitos no texto. Nos relatos non hai acción, apenas existe a historia. A historia e maila acción residen na estrutura profunda e podemos coñecerla a través das diferentes significacións da estrutura superficial. Os relatos de *Cousas* son marcadamente indiciais e nada funcionais porque apenas conteñen

unidades de contido reflexadas nas estruturas sintagmáticas. Tomaremos tres textos como exemplo:

"A Marquesiña" (p. 13), "A historia de Bieito" (p. 47) e "O pai de Migueliño" (p. 95).

Detrás da estrutura poética do pequeno texto da "Marquesiña" existe o contexto dun longo relato, que se nos ofrece a través dos indicios que nos dan os poucos sintagmas que contén o texto. A acción do marqués que preñou á criada e tivo unha filla, que non recoñeceu é o motivo constante. Os motivos variables ou atributos son as situacións de pobreza da filla e da nai. Con seis unidades sintagmáticas, que conteñen catro unidades semánticas ("que lle chamen a Marquesiña", "a extrema pobreza", "o traballo" e "que a nai sexa xornaleira na casa do Marqués") témo-la historia completa da rapaciña porque os catro indicios remítennos á acción, ausente do texto.

Na historia de Bieito a función é o enterramento do ichavo e as sucesivas secuencias que nos van informando da súa traxectoria vital en terras arxentinas serven de indicios dos trafegos que pasou lonxe da súa terra, pero que no texto non revisten máis importancia que denota-lo paso do tempo ata a volta ó lugar de nacemento e a recuperación do ichaviño.

"O pai de Migueliño" preséntanos un relato máis elaborado sintagmáticamente pero sen acción no propio sentido da palabra. Toda a acción se reduce á idea que Migueliño ten dun pai "americano" e ó desencanto que sofre ó velo na realidade. En catro secuencias vaise desenvolvendo o proceso de búsqueda do pai idealizado ata a secuencia final do encontro entre o pai e maila nai, na que Migueliño acaba enfrentándose coa figura dun home que el non recoñecería nunca como a do seu pai.

Castelao dalle unha relevancia especial á palabra "americano", que ten un valor connotativo como símbolo de riqueza e de elegancia.

Características dos discursos

Unha vez analizada a estrutura dos relatos, quedánnos aínda a maioría dos textos de *Cousas* sen estudar. Os textos que non recollimos no apartado anterior, englobarémolos na denominación de discursos, tanto as narracións como as descrições e as etopéias, porque todos eles reúnen as características que Benveniste lle aplica a este termo. Nestes discursos destacamos tres elementos caracterizadores:

1.- Existencia dun narrador en primeira persoa, que recorda historias sucedidas no pasado, vividas por el ou recibidas oralmente doutras persoas. Asimesmo describe personaxes coñecidos por el directa ou indirectamente. É un observador de conductas humanas e que, por veces, participa nos acontecementos, ten unha visión "con", tomando partido por algún dos personaxes da narración. Non é un narrador omnisciente, que sabe máis cós seus personaxes; o emisor dos discursos vai

describindo pouco a pouco a actitude que toma, o personaxe de quen nos vai contando a historia ó mesmo tempo.

O narrador non ten unha mesma situación respecto á narración, participa nela desde diferentes posicións:

a) Participando na historia que nos conta.

"Na noite da derradeira novena de difuntos", p. 21: "dende entón o cheiro a cera traime a lembranza dos medos de aquela noite".

"No oscura caletre de Martiño buleu sempre un verme de luz", p. 25: "Sentados a plan no adro contábanos Martiño, con voz medoñenta, as cousas acontecidas no campanario".

"Na cova dos carcamáns", p. 31: "pasei días e días sentado".

"Era un barbeiro de sábado", p. 43: "Unha vez atopeino coa testa pousada nas mans /.../ e díxome...".

"Xa van alá moitos anos e aínda hoxe teño remorsos", p. 63.

"Ese rapaz saído das miñas lembranzas", p. 85: "Unha vez o noso destemido compañeiro levounos diante da chouza".

b) Testigo dos acontecementos que narra sen ter participación neles. O narrador coñeceu ós protagonistas e foi testigo da súa vida, ou dalgún episodio.

"¡Que confianza tiña o Rifante no mar!" / "O Rifante apareceu un día diante do meu pai", pp. 16-17.

"Cando reparo na besta do alquilador /.../ lémbrome dunha gaviota desplumada", p. 35.

"Un día reparei que a Siña Sinforosa rezou por un rapaciño..." p. 40; aquí o narrador chega a participar na historia contada: "Unha vez que atravesei o mar sentín dentro do meu peito o valeiro de tanto esquecemento i en nome de tódolos afogados preguei", p. 41.

"Aínda eu era médico rural..." / "No curuto avistei a figura dunha muller", p. 42.

"¡Daba xenio velos camiñar en ringleira!" / "Eu non digo que collesen peixe para vender", p. 45.

"Un día pregunteille á vella...", p. 60,

"Pero eu sei que non volve porque aínda non é dabondo rico...", p. 68.

"Don Froitoso fitoume feramente e fíxome calar", p. 79.

c) O narrador non ten coñecemento directo dos acontecementos narrados, pero foi contemporáneo dos seus protagonistas ou de testigos da historia.

"Eu sempre preguntaba á miña aboa", p. 19.

"Cando eu era rapaz chegou Ramón Carballo" / "Lémbrome que Ramón Carballo foi a Bos Aires", p. 33.

"Aínda eu non nacera e a miña nai era pequena", p. 27.

"Cando eu o vin xa era moi velliño", p. 58.

"O Señor Antón viviu cando meu abó era mozo", p. 87.

d) O narrador utiliza a función conativa para busca-la conexión co lector, interrogándoo, anunciándolle o que vai contar e mesmo indicándolle o que debe ou non debe facer.

"Velahí como contan as xentes a morte da namorada", p. 83 / "Hai homes que non saben calar", p. 84 (11).

"¿Tedes reparado nos nosos cruceiros?" / "Reparade nos cruceiros", p. 15.

"Se a ponte vella falase, atestiguar podía o que vou cantarvos", p. 23.

"Agora eu vou contarvos unha cousa", p. 75.

"Vou contarvos un conto triste" / "Non vos riades porque o conto é triste", p. 105.

2.- O tempo do discurso é un tempo lineal, diferente do tempo da historia. O autor conta ou describe nun espazo temporal presente acontecementos que sucederon antes do momento da narración, nun pasado que pode ser próximo ou remoto.

O tempo da enunciación é a única temporalidade presente no discurso; é un tempo volto enteiramente sobre si mesmo, a narración dunha historia.

Emprégase o tempo verbal presente cando o narrador se coloca nun presente actual e mira ó pasado.

"A ponte vella xa non rexe cos amores e traxedias" / "Era unha rapaza branca e bonita", p. 23.

"Onde hai un cruceiro houbo sempre un pecado", p. 15.

O tempo presente pode ir reforzado con indicadores temporais: hoxe, agora, onte...

"Agora é un abade moi velliño e moi santiño", p. 24.

(11) Nesta frase o narrador introdúcese na narración para xuzga-la actitude dun dos personaxes.

"Arestora Doña Florinda é unha velliña chuchada polo tempo", p. 101.

E a referencia ó presente pódese facer sen emprega-lo tempo presente, soamente cos indicadores temporais.

"*Antonte* leváronlle o viático ó vello e *onte* morreu. *Hoxe* entraron catro homes", p. 38; ó final do texto aparece o presente verbal: "Todos, todos se riron e ninguén se *decata* con que delor a vella namorada chamará *nesta noite de inverno* pola morte", p. 38. Neste texto a historia coincide co momento da narración: "antonte, onte, hoxe, esta noite" indican a sucesión temporal de atrás adiante.

Noutros textos a referencia temporal ó pasado narrativo está indicada mediante indicadores léxicos:

"Aínda eu non nascera", p. 27; "Cando eu era rapaz", p. 33; "Eu sempre preguntaba á miña aboa", p. 19; "Aínda eu era médico rural", p. 42.

3.- A maior parte dos textos discursivos de *Cousas* están elaborados con estruturas sintagmáticas, que nos ofrecen unidades de contido, o que quere dicir que son textos funcionais, en contraposición ós relatos que eran indiciais.

A acción destas narracións e a anécdota dos retratos humanos está presente nas secuencias sintagmáticas, que compoñen a narración; o que sucede na historia está narrado no texto, aínda que facendo referencia a datos sucedidos nun pasado, que facilitan a comprensión do acontecemento.

"O Rifante" vai pedir cartos prestados e leva a toda a familia con el no momento que llos entregan. As secuencias anteriores coas que comeza o texto serven de indicios para a significación do comportamento do Rifante.

A xente que non coñece a luz eléctrica ten medo dunha raiola de luz dun barco inglés porque o identifican coa chegada do fin do mundo.

A historia do Alquilador non é máis cá dun pobre que vai coller herba ó cimiterio porque ten que mante-la besta.

Da historia de amor dos dous vellos non interesa máis có momento da morte do vello e o dolor da vella, que tamén quere morrer.

Estas e moitas historias máis son narracións marcadamente funcionais. O que contan está expresado polo propio discurso textual, con escasas referencias significativas fóra do eixe sintagmático.

Non cumpre esta característica a historia de Ramón Carballo, que incluímos no apartado dos discursos porque neste texto o narrador intervén na narración, pero que, de non ser por este rasgo, contén elementos dos relatos. É un texto marcadamente indicial, narrado en dous tempos, que como indica o propio autor no mesmo texto, contén materia abondo para facer unha novela.

Conclusión

A análise de *Cousas*, que acabamos de facer, vennos a demostra-lo que xa se ten dito en tantas ocasións, que Castelao non é un creador de ficcións literarias,

a historia narrada é unha verdade real, representativa dunha idea ou dunha actividade vivencial.

Cousas recolle un mosaico de anécdotas, retratos e descrições nos que van aparecendo personaxes e historias coñecidas ou inventadas polo autor, sen chegar á idealización dos seus personaxes e sen caer tampouco no aspecto costumbrista, tan utilizado en obras, que teñen o mundo rural como protagonista.

Nas pequenas pezas que compoñen o libro *Cousas*, como nos relatos *Retrincos*, Castelao recrea lembranzas da súa nenez e mocidade, facendo ó mesmo tempo reflexións, que subxacen detrás de moitos dos textos, sobre conductas e actitudes humanas, reflexións que son elementos frecuentes na tradición do relato curto. Trala estrutura narrativa vaise amosando a realidade da Galicia, que Castelao coñece.

Os retratos físicos, as descrições de costumes e vidas tratan de simbolizar aspectos do comportamento dos homes. Non son descrições gratuitas senón textos significativos para a finalidade do discurso.

Por outra parte, a composición dos textos, nos que fondo e forma son inseparables, fai resalta-las referencias significativas e axuda a afondar no seu contido, ó tempo que lle asigna a especificidade formal e o valor literario da obra. Soamente a través de textos curtos se podía amosar, de forma tan sinxela, todo un paradigma moral, ben pola presenza de modelos ou pola súa ausencia. E este era o obxectivo do autor, xa que Castelao concebía a literatura cun fin alleo a si mesma. Para el era un instrumento de búsqueda dunha verdade referencial. E neste sentido cabe falar da virtualidade da función referencial nos textos de *Cousas*, sen perder por iso o seu valor literario. O autor pretende comunicar ideas, mensaxes sociais, ou, simplemente, emocións estéticas. Os textos de *Cousas* son, pois, textos de dobre función.